

2º EXERCICIO: PARTE ESPECÍFICA

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba ten carácter eliminatorio. Este exercicio consta de dúas partes diferenciadas: un primeiro cuestionario con 50 preguntas teóricas tipo test con 5 de reserva (E51 á E55), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "**Específico Parte teórica**" entre os números **E1** e **E55** e un segundo cuestionario de 50 supostos prácticos tipo test con 5 de reserva (E106 á E110), que deberán ser contestados a continuación do recadro "**Específico Parte práctica**" entre os números **E56** e **E110** da "FOLLA DE RESPOSTAS"
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame. Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

EXAME EN GALEGO

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Segundo o artigo 2 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, o sistema da Seguridade Social, configurado pola acción protectora nas súas modalidades contributiva e non contributiva, fundaméntase nos principios de:

- A) Universalidade, unidade, solidariedade e igualdade.
- B) Xustiza, igualdade e liberdade.
- C) Legalidade, publicidade e responsabilidade.
- D) Igualdade, seguridade xurídica e equidade.

2. En base ao Decreto 160/1996, do 25 de abril, en que disposición se autoriza á Consellería de Sanidade e Servizos Sociais para ditar as ordes e adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento e execución do mencionado decreto?

- A) Disposición transitoria.
- B) Disposición derogatoria.
- C) Disposición final primeira.
- D) Disposición final segunda.

3. Sorrir ao encontrarnos cunha persoa:

- A) Non é unha forma de comunicación.
- B) É unha forma de comunicación non verbal.
- C) É unha forma de comunicación verbal.
- D) É unha forma de comunicación verbal indirecta.

4. Quen pode acceder a É-Saúde?

- A) Cidadáns con Tarxeta Sanitaria Sergas de 18 ou máis anos.
- B) Profesionais Sanitarios.
- C) Asociacións de Pacientes.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

5. Son funcións da área de admisión dun hospital.

- A) Comunicar aos doentes a data e a hora do ingreso.
- B) Custodiar as pertenzas dos ingresados.
- C) Autorizar traslados dunha planta a outra.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

6. Segundo o artigo 56 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que medidas provisionais se poderán acordar?

- A) O depósito, retención ou inmovilización de cousa inmovible.
- B) A retención de pagos a conta que deban aboar ás administracións públicas.
- C) A intervención e depósito de ingresos obtidos mediante unha actividade que se considere ilícita e cuxa prohibición ou cesación se pretenda.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

7. Que é un sitio web?

- A) É unha colección de páxinas web relacionadas e comúns a un dominio de internet.
- B) É unha páxina web.
- C) É parte dunha páxina web.
- D) Non existe, só existen as páxinas web.



8. Segundo a imaxe anterior, na barra de tarefas de Windows 10, móstrase a seguinte icona que está marcada cunha frecha. Que nos indica?

- A) Que non hai wifi.
- B) Que estamos conectados a internet.
- C) Que non temos conexión a internet.
- D) Que o micrófono non funciona.

9. Segundo a Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, non forman parte do sistema de arquivos de Galicia os seguintes arquivos:

- A) Os das notaría e rexistros públicos radicados en Galicia.
- B) Os das universidades radicadas en Galicia.
- C) O arquivo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e a rede de arquivos xudiciais.
- D) Ningunha das anteriores forma parte do sistema de arquivos de Galicia.

10. Segundo o artigo 74 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as cuestións incidentais que se susciten no procedemento:

- A) Non suspenderán a tramitación do mesmo, salvo a desistencia.
- B) Non suspenderán a tramitación do mesmo, salvo a recusación.
- C) Non suspenderán a tramitación do mesmo, salvo que o instrutor do procedemento así o determine mediante resolución motivada.
- D) Non suspenderán a tramitación do mesmo, salvo as que se refiran á nulidade das actuacións.

11. Segundo o artigo 64 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a incoación dos procedementos administrativos de natureza sancionadora comunicárase ao denunciante:

- A) En ningún caso.
- B) Xunto coa notificación aos interesados, entendendo en todo caso por tal ao denunciante.
- C) Cando as normas reguladoras do procedemento así o prevexan.
- D) Cando así o determine o órgano competente para resolver.

12. Que software utilizaremos para comprimir un ou varios arquivos?

- A) WinCha.
- B) WinZip.
- C) WinGo.
- D) WinFly.

13. Un paciente ao que se lle vai a practicar unha exploración rectal, débese adoptar a posición:

- A) Morestín.
- B) Trendelenburg.
- C) Fowler.
- D) Xenupectoral ou Mahometana.

14. Segundo a Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia:

- A) O feito de que un documento non se atope nun arquivo, non o exclúe da consulta pública.
- B) A consulta dos documentos estará sometida ao aboamento das taxas ou prezos públicos legalmente establecidos.
- C) Todas as persoas teñen dereito a acceder aos documentos que forman parte de procedementos terminados que se custodien no sistema de arquivos de Galicia sen excepción.
- D) O exercicio do dereito de acceso leva consigo o de obter copias e certificacións dos documentos sen máis límite que respectar a lexislación de propiedade intelectual.

15. Cómo se chama o aparello que se emprega para rexistrar a actividade cardíaca dun paciente?

- A) Electrocardiograma.
- B) Electrocardiógrafo.
- C) Electroencefalograma.
- D) Electroencefalógrafo.

16. Segundo a Lei 3/2001 do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, o prazo mínimo de conservación da información contida na historia clínica do paciente que non deba conservarse indefinidamente, é de:

- A) 3 anos desde a última asistencia prestada ou desde o seu falecemento.
- B) 5 anos desde a última asistencia prestada ou desde o seu falecemento.
- C) 10 anos desde a última asistencia prestada ou desde o seu falecemento.
- D) 15 anos desde a última asistencia prestada ou desde o seu falecemento.

17. Cal non é unha das características do sistema operativo Windows en ordenadores de sobremesa?

- A) É un sistema operativo monotarea.
- B) É un sistema operativo multitarea.
- C) É un sistema operativo multiusuario.
- D) É o mas utilizado a nivel doméstico.

18. O criterio de valoración de mercadorías denominado "FIFO", fai referencia a:

- A) Último en entrar, primeiro en saír.
- B) Primeiro en entrar, último en saír.
- C) Primeiro en entrar, primeiro en saír.
- D) Ningunha das opcións anteriores é correcta.

19. Que son as "cookies"?

- A) Gardan as direccións das páxinas web preferidas.
- B) Serven para realizar unha búsqueda de información en internet.
- C) Son datos que as páxinas web gardan no noso ordenador cando as visitamos.
- D) É unha memoria intermedia na que o navegador garda os seus accesos máis recentes.

20. Segundo o artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poñen fin á vía administrativa:

- A) As resolucións dos recursos extraordinarios de revisión.
- B) Os actos e resolucións emanados dos ministros e directores xerais no exercicio das competencias que teñen atribuídas os órganos dos que son titulares.
- C) A resolución administrativa dos procedementos de responsabilidade patrimonial.
- D) Todas as opcións anteriores poñen fin á vía administrativa.

21. En que título da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, se desenvolven os principios de protección de datos?

- A) Título II.
- B) Título IV.
- C) Título I.
- D) Título III.

22. Segundo o artigo 81 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos procedementos de responsabilidade patrimonial, cando haberá que solicitar o ditame do Consello de Estado ou, no seu caso, do órgano consultivo da Comunidade Autónoma?

- A) Cando as indemnizacións reclamadas sexan de contía igual ou superior a 10.000 euros, ou á que se estableza na correspondente lexislación autonómica.
- B) Cando as indemnizacións reclamadas sexan de contía igual ou superior a 20.000 euros, ou á que se estableza na correspondente lexislación autonómica.
- C) Cando as indemnizacións reclamadas sexan de contía igual ou superior a 50.000 euros, ou á que se estableza na correspondente lexislación autonómica.
- D) Cando as indemnizacións reclamadas sexan de contía igual ou superior a 100.000 euros, ou á que se estableza na correspondente lexislación autonómica

23. Segundo o artigo 42 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, a acción protectora da Seguridade Social comprenderá:

- A) Asistencia sanitaria privada e servizos sociais.
- B) Asistencia sanitaria e prestacións en especie.
- C) Asistencia sanitaria e pensións.
- D) Asistencia sanitaria, prestacións económicas e prestacións de servizos sociais.

24. Que tipo de periférico é unha impresora multifunción?

- A) Periférico de entrada.
- B) Periférico de saída.
- C) Periférico de entrada/saída.
- D) Non é un tipo de periférico.

25. Un paciente atópase nunha cama, semisentado, ca cabeceira da cama elevado 45° e os xeonllos semiflexionados. Que posición anatómica está adoptando?

- A) Posición Fowler.
- B) Posición ortopneica.
- C) Posición Trendelenburg ou antishock.
- D) Posición antitrendelenburg, Morestin ou Trendelenburg inversa.

26. Segundo o artigo 5 da Lei 3/2018, do 5 de decembro, os responsables e encargados do tratamento de datos están suxeitos ao deber de:

- A) Custodia.
- B) Obxectividade.
- C) Neutralidade.
- D) Confidencialidade.

27. Quen poderá ter a condición de beneficiario/a dun/dunha asegurado/a?

- A) Ser cónxuxe da persoa asegurada ou convivir con ela ou en análoga relación de afectividade, constituíndo parella de feito.
- B) Ser ex cónxuxe ou estar separado/a xudicialmente, a cargo do asegurado/a por ter dereito a percibir pensión compensatoria.
- C) Ser descendente, ou persoa asimilada, da persoa asegurada ou do seu cónxuxe, aínda que estea separado xudicialmente, de seu ex cónxuxe a cargo ou da súa parella de feito, en ambos casos a cargo do asegurado e menor de 26 anos ou, no caso de ser maior de dita idade, ter unha discapacidade recoñecida nun grao igual ou superior ao 65%.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

28. Que capacidade ten un DVD-9?

- A) 4,7 Gigabytes.
- B) 9 Gigabytes.
- C) 9,4 Gigabytes.
- D) 8,5 Gigabytes.

29. O material dun centro sanitario pódese clasificar segundo:

- A) As súas características e duración.
- B) Perigo efectivo.
- C) Tipo de material.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

30. Segundo o establecido no artigo 173 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, no caso especial de incapacidade temporal por menstruación incapacitante secundaria prevista no parágrafo segundo do artigo 169.1.a) o subsidio abonarase:

- A) A cargo da Seguridade Social desde o día da baixa no traballo.
- B) A partir do cuarto día de baixa no traballo, aínda que desde o día cuarto ao décimo quinto de baixa, ambos inclusive, o subsidio estará a cargo do empresario.
- C) Desde o día seguinte ao da baixa no traballo, estando a cargo do empresario o salario íntegro correspondente ao día da baixa.
- D) A partir do segundo día de baixa no traballo, aínda que desde o día segundo ao décimo quinto de baixa, ambos inclusive, o subsidio estará a cargo do empresario.

31. Cando ten que trasladar a un paciente en cadeira de rodas e se atopa con que ten que subir unha rampla, o persoal de servizos xerais debe:

- A) Tirar da cadeira desde atrás, o paciente irá de costas á marcha.
- B) Camiñar de costas á rampla.
- C) Empuxar a cadeira desde atrás, o paciente irá cara á marcha.
- D) Pasar primeiro, antes que o paciente.

32. Segundo o artigo 293 do Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, a contía da achega do Estado para financiar as prestacións por desemprego será cada ano:

- A) O Estado non realiza achegas.
- B) A fixada na correspondente Lei de Orzamentos Xerais do Estado.
- C) Será igual á suma da achega realizada polos empresarios e traballadores.
- D) Achegará o mesmo importe o Estado, traballadores e os empresarios.

33. Dos seguintes servizos. Cales non aparecen na aplicación É-Saúde?

- A) Tarxeta sanitaria virtual.
- B) Formación.
- C) Consulta de datos de lista de agarda cirúrxica.
- D) Todos os servizos anteriores están dispoñibles.

34. Cales das seguintes reclamacións se poderán presentar no Sistema Público de Saúde de Galicia?

- A) As reclamacións dirixidas ao "Valedor do Pobo".
- B) As reclamacións patrimoniais.
- C) As efectuadas polos propios traballadores do sistema referidas ao seu desempeño profesional.
- D) As referentes á asistencia sanitaria prestada en centros do Servizo Galego de Saúde.

35. Dentro da folla de cálculo, cal das seguintes opcións é unha referencia absoluta?

- A) A9.
- B) \$A9.
- C) A\$9.
- D) \$A\$9.

36. Segundo o Real Decreto 208/1996, de 9 de febreiro, polo que se regulan os servizos de información administrativa e atención ao cidadán, é información particular:

- A) A relativa á identificación, fins, competencia, estrutura, funcionamento e localización de organismos.
- B) A referida aos requisitos xurídicos que as disposicións impoñan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que os cidadáns se propoñan realizar.
- C) A referente á tramitación de procedementos.
- D) A concernente ao estado ou contido dos procedementos en tramitación.

37. Entre as funcións do servizo de atención ao usuario están:

- A) Informar sobre voluntariado.
- B) Informar sobre dereitos e deberes no ámbito sanitario.
- C) Informar sobre tarxeta sanitaria.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

38. O artigo 3, do Decreto 160/1996, do 25 de abril, fai referencia a:

- A) Creación da categoría estatutaria de persoal de servizos xerais.
- B) Funcións.
- C) Retribucións.
- D) Sistema de selección e provisión.

39. A canto equivale 1 Terabyte?

- A) 1024 Bytes.
- B) 1024 Megabytes.
- C) 1024 Kilobytes.
- D) 1024 Gigabytes.

40. Segundo a clasificación de Pareto, que clase de artigos se almacenan nos lugares menos accesibles do almacén?

- A) Os artigos clase A.
- B) Os artigos clase B.
- C) Os artigos clase C.
- D) Os artigos clase D.

41. Segundo o artigo 3 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, o consentimento informado prestado polo afectado para toda a actuación no ámbito da súa saúde será:

- A) Sempre debe ser verbal.
- B) Sempre debe ser por escrito.
- C) Verbal nos procesos diagnósticos e terapéuticos invasores.
- D) Por escrito nos casos de intervención cirúrxica, procedementos diagnósticos e terapéuticos invasores.

42. Cales son os métodos de acceso válidos en É-Saúde para utilizar as funcionalidades de nivel alto?

- A) DNI electrónico.
- B) Certificado dixital.
- C) Chave365.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

43. A comisión de benestar social reunirase:

- A) Unha vez ao ano, como mínimo.
- B) Dúas veces ao ano, como mínimo.
- C) Seis veces ao ano, como mínimo.
- D) Unha vez ao mes, como mínimo.

44. Segundo o artigo 13 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, poderase considerar repetitivo o exercicio do dereito de acceso:

- A) Cando se exercite en máis dunha ocasión durante o prazo de 3 meses, aínda que exista causa lexítima para iso.
- B) Cando se exercite en máis dunha ocasión durante o prazo de 6 meses, a menos que exista causa lexítima para iso.
- C) Cando se exercite en máis dunha ocasión ao mes, a menos que exista causa xustificada para iso.
- D) Cando se exercite en máis dunha ocasión ao mes, exista ou non causa lexítima para iso.

45. Unha prótese de cadeira considérase:

- A) Produto sanitario crítico.
- B) Produto sanitario semi-crítico.
- C) Produto sanitario non crítico.
- D) Ningunha das opcións anteriores é correcta.

46. Segundo o artigo 7 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, o dereito á información sanitaria dos/as pacientes pode limitarse:

- A) Por libre decisión do médico.
- B) Pola existencia acreditada dun estado de necesidade terapéutica.
- C) Por decisión dos familiares do/da paciente.
- D) En ningún caso.

47. Unha paciente atópase deitada boca arriba coas pernas separadas e colocadas sobre os estribos ou plantas dos pés apoiadas sobre a cama, os xeonllos e a cadeira flexionados 90 graos, as coxas en abducción e os brazos a ámbolos lados do corpo. Que posición anatómica está a adoptar?

- A) Posición de nefrectomía.
- B) Posición xinecológica ou litotomía.
- C) Posición laminectomía.
- D) Posición decúbite prono ou ventral.

48. Segundo o artigo 208 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, sinala cal é o período mínimo de cotización efectiva para o acceso á xubilación anticipada por vontade do interesado:

- A) 35 anos.
- B) 20 anos.
- C) 15 anos.
- D) 10 anos.

49. Qué vixencia ten a tarxeta sanitaria europea emitida en España?

- A) Un ano.
- B) Dous anos.
- C) Catro anos.
- D) Non ten caducidade.

50. Cales son as clases de arquivos públicos segundo o artigo 13 da Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia?

- A) De xestión, centrais e intermedios, e históricos.
- B) Administrativos e electrónicos.
- C) Públicos e privados.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

Preguntas de reserva

51. Segundo o artigo 81 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos casos que segundo a Lei orgánica 3/1980, do 22 de abril, do Consello de Estado, sexa preceptivo solicitar ditame do Consello de Estado, que prazo terá o Consello de Estado para emitir ese ditame?

- A) Dous meses.
- B) Tres meses.
- C) Seis meses.
- D) Un ano.

52. Conforme ao disposto polo artigo 169 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, considerarase que existe recaída nun mesmo proceso de incapacidade temporal cando:

- A)
Considerarase que existe recaída nun mesmo proceso cando se produza unha nova baixa médica en calquera tipo de patoloxía dentro dos noventa días naturais seguintes á data de efectos de alta.
- B) Considerarase que existe recaída nun mesmo proceso cando se produza unha nova baixa médica pola mesma ou similar patoloxía dentro dos cento oitenta días naturais seguintes á data de efectos de alta médica anterior, salvo os procesos por baixas médicas por menstruación incapacitante secundaria nos que cada proceso considerarase novo.
- C) Considerarase que existe recaída nun mesmo proceso cando se produza unha nova baixa médica por calquera que sexa o tipo de patoloxía dentro dos cento oitenta días naturais seguintes á data de efectos de alta.
- D) Considerarase que existe recaída nun mesmo proceso cando se produza unha nova baixa médica, calquera que sexa o tipo de patoloxía dentro dos noventa días naturais seguintes á data de efectos de alta.

53. Dentro de LibreOffice Calc, a que nos referimos cando falamos de rango?



- A) A un conxunto de celas contiguas seleccionadas dentro dunha folla de cálculo.
- B) Á cela que temos seleccionada nese momento.
- C) Á cela A1.
- D) Á cela activa.

54. Segundo o artigo 84 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poñerán fin ao procedemento:

- A) A desistencia.
- B) A prescrición.
- C) Os pactos e convenios, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico nin versen sobre materias susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público.
- D) Todas as opcións son correctas.

55. Quen pode solicitar a Tarxeta Sanitaria Galega?

- A) Calquera cidadán/cidadá empadroado en Galicia que teña recoñecido polo Instituto Nacional da Seguridade Social/Instituto Social da Marina o dereito á asistencia sanitaria coa condición de asegurado/beneficiario.
- B) Calquera cidadán/cidadá empadroado en España que teña recoñecido polo Instituto Nacional da Seguridade Social/Instituto Social da Marina o dereito á asistencia sanitaria coa condición de asegurado/beneficiario.
- C) Calquera cidadán/cidadá que teña recoñecido polo Instituto Nacional da Seguridade Social/Instituto Social da Marina o dereito á asistencia sanitaria coa condición de asegurado/beneficiario.
- D) A tarxeta sanitaria envíase de oficio. Non hai que solicitala.



56. Vendo as imaxes de enriba deste enunciado, como se chama a este tipo de conector que serve para conectarnos a Internet?

- A) RJ-45.
- B) FC.
- C) LC.
- D) BNC.

57. Sinala a opción non válida para clasificar o material segundo a súa peligrosidade infectiva.

- A) Crítico.
- B) Non crítico.
- C) Semi crítico.
- D) Funxible.

58. JMP ten que realizar o pedido de material do centro sanitario. A aplicación informática corporativa de xestión a través da cal se realizan as solicitudes de material desde un terminal informático conectado á rede interna sería:

- A) MANSIS.
- B) LOGAS.
- C) IANUS.
- D) SIMON.

59. En SIGAP para realizar unha alta rápida. ¿Cal dos seguintes campos é obrigatorio cubrir no apartado de enderezo?

- A) Código postal.
- B) Provincia.
- C) Localidade.
- D) Teléfono.

60. Segundo o Real Decreto 208/1996, de 9 de febreiro, polo que se regulan os servizos de información administrativa e atención ao cidadán, cando un cidadán pide información sobre a localización dunha unidade administrativa, que tipo de información está solicitando?

- A) Información restrinxida.
- B) Información particular.
- C) Información común.
- D) Información xeral.

61. Cal é a ferramenta de comunicación do Sergas co cidadán que lle permite o acceso a servizos e contidos de saúde personalizados?

- A) Xanela.
- B) Ianus.
- C) Sigap.
- D) É-Saúde.

62. Se está no explorador de arquivos e quere seleccionar distintos arquivos non correlativos, que tecla ou teclas utilizaría para seleccionalos, axudándose ademais co rato?

- A) Ctrl.
- B) Bloq Mayús.
- C) Alt.
- D) Ctrl + Alt.

63. Segundo o artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que prazo teremos para interpoñer un recurso de alzada se o acto fose expreso?

- A) Dez días.
- B) Quince días.
- C) Un mes.
- D) Tres meses.

64. JMP, quere realizar a declaración de instrucións previas. Segundo a Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, esta deberá formalizarse:

- A) Ante a autoridade xudicial.
- B) Ante 3 testemuñas maiores de idade.
- C) Ante notario.
- D) B e C son correctas.

65. Segundo o artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que prazo teremos para interpoñer un recurso potestativo de reposición se o acto fose expreso?

- A) Dez días.
- B) Quince días.
- C) Un mes.
- D) Tres meses.

66. Segundo o artigo 15 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, a historia clínica deberá ser única por paciente. Indica a resposta CORRECTA:

- A) Polo menos en cada Servizo de Saúde.
- B) Polo menos en cada complexo hospitalario, hospital ou centro sanitario.
- C) Polo menos en cada área sanitaria.
- D) Polo menos en cada zona básica de saúde.

67. Se presentamos un recurso extraordinario de revisión, cando o entenderemos como desestimado?

- A) Unha vez que transcorra o prazo dun mes desde a interposición sen que se dite e notifique a resolución.
- B) Unha vez que transcorra o prazo de tres meses desde a interposición sen que se dite e notifique a resolución.
- C) Unha vez que transcorra o prazo de seis meses desde a interposición sen que se dite e notifique a resolución.
- D) Unha vez que transcorra o prazo dun ano desde a interposición sen que se dite e notifique a resolución.

68. AMVF, traballadora que se atopa en incapacidade temporal desde hai 365 días, esgotando o prazo de duración en está situación, segundo o artigo 170.2 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, quen é competente para iniciar un procedemento de cualificación de incapacidade permanente?

- A) A inspección médica do Instituto Nacional da Seguridade Social.
- B) Os servizos públicos de saúde.
- C) A Tesourería da Seguridade Social.
- D) Instituto Nacional de Xestión Sanitaria.

69. Segundo o artigo 6 da Lei 3/2001, do 28 de maio, relativo ao outorgamento do consentimento por substitución, cando se trate de menores non incapaces nin incapacitados, pero emancipados ou con 16 anos cumpridos, indica a resposta CORRECTA:

- A) Cabe prestar as instrucións previas.
- B) Non cabe prestar o consentimento por substitución.
- C) Cabe prestar o consentimento por representación.
- D) Ningunha das opcións anteriores é correcta.

70. Sinale a opción incorrecta. Cando o afectado, para o exercicio do seu dereito de acceso, elixa un medio distinto ao que se lle ofrece que supoña un custo desproporcionado (artigo 13 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais).

- A) A solicitude será considerada excesiva.
- B) A solicitude poderá ser considerada excesiva.
- C) O afectado asumirá o exceso de custos que a súa elección comporte.
- D) Só será esixible ao responsable do tratamento a satisfacción do dereito de acceso sin dilacións indebidas.

71. Se o noso ordenador antigo tarda moito en arrincar, cal sería unha das cousas que poderíamos facer para que arrincase máis rápido?

- A) Cambiar o disco duro mecánico por un SSD.
- B) Aumentar a memoria ROM.
- C) Aumentar a memoria RAM.
- D) Cambiar a tarxeta gráfica.

72. Durante a quenda de traballo acode ao centro unha cidadá que vive noutra comunidade autónoma para ser atendida de xeito urxente. Presenta a tarxeta da súa comunidade. Teremos que:

- A) Facer unha alta de desprazados.
- B) Facer unha alta completa.
- C) Facer unha alta de extranxeiros.
- D) Facer unha alta de fóra da comunidade.

73. Si falamos dun "dosímetro". A que nos referimos?

- A) A un dispositivo que se coloca nos sistemas de soro para a administración controlada de fármacos por vea.
- B) A un dispositivo que mide a radiación.
- C) A un dispositivo para medir as doses de medicamento que debe tomar un paciente.
- D) Ningunha das opcións anteriores é correcta.

74. Se está no explorador de arquivos e quere mover un arquivo dunha carpeta a outra, que combinación de teclas tería que utilizar para cortalo?


- A) Ctrl + V.
- B) Ctrl + C.
- C) Ctrl + X.
- D) Ctrl + M.

75. Se a un cidadán rexistrado en Chave365, róuballe o seu dispositivo móbil:

- A) Poderá chamar ao teléfono 012 para que lle dean de baixa o seu usuario.
- B) Poderá chamar ao teléfono 012 para que lle bloqueen a súa clave.
- C) Poderá chamar ao teléfono 112 para que lle dean de baixa o seu usuario.
- D) Para que lle bloqueen a súa clave terá que acudir persoalmente a calquera das unidades administrativas que realicen as funcións de rexistro de usuarios CHAVE365.

76. JMP é PSX nun centro sanitario e dispónse a realizar o recuento sistemático das existencias durante todo o exercicio, co fin de determinar o número de veces que se consome e se repón a mercadoría ao longo do ano. Esta operación denomínase:

- A) Inventario pechado.
- B) Inventario rotativo.
- C) Inventario tradicional.
- D) Inventario ininterrumpido.



77. Vendo a imaxe que temos enriba do texto, dentro de LibreOffice Writer, que quere dicir que a icona do disquete teña un punto vermello?

- A) Abrir un novo documento.
- B) Documento con cambios aínda non gardados.
- C) Nada, é así a icona.
- D) Erro ao gardar o documento.

78. Se accede con seguridade alta a "Os meus tratamentos" na ferramenta É-Saúde:

- A) Poderá acceder aos informes da súa historia clínica electrónica.
- B) Poderá obter información sobre a súa medicación activa ou as datas nas que debe acudir á farmacia para recoller a medicación.
- C) Poderá consultar as listaxes de agarda nas que está inscrito.
- D) Poderá descargar o Certificado Covid.

	Ene	Feb	Mar
Gastos Mes	500,00 €	250,00 €	300,00 €
Media del Trimestre	350,00 €		

79. Analizando a imaxe que aparece sobre o texto desta pregunta, usando o LibreOffice Calc, como será a función utilizada para que en B4 nos dea como resultado o gasto medio do trimestre?

- A) =MEDIANA(B2:D2).
- B) =MEDIA(B2:D2).
- C) =PROMEDIO(B2:D2).
- D) =SI(B2:D2).

80. JMP é PSX nun centro de saúde. En que áreas desenvolverá as funcións esta categoría de persoal?

- A) Administrativa e de apoio á xestión.
- B) De recepción, atención e información aos usuarios.
- C) De mantemento e apoio á funcións xerais.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

81. Ás 13:30 horas chama un facultativo para que se lle force unha cita para un paciente na axenda de hoxe na quenda de mañá, polo cal debemos empregar a opción:

- A) Modo cita.
- B) Modo cita rápida.
- C) Xestión de dietario.
- D) Modo multi cita.

82. Qué unidade é a responsable da recuperación de datos das historias clínicas?

- A) A área de urxencias.
- B) A área de atención ao paciente.
- C) A área de admisión.
- D) A área de documentación.

83. Segundo a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, cal destes dereitos poden exercer os cidadáns sobre os seus datos persoais?

- A) Dereito de oposición.
- B) Dereito de conexión.
- C) Dereito de publicación.
- D) Dereito de portabilidade.

84. JMGE estudante de 25 anos, está estudando e ten concedida unha pensión de orfandade, segundo o artigo 224.3 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, cando deixará de cobrar a pensión de orfandade?

- A) Cando fixo os 25 anos.
- B) A percepción da pensión e a prestación de orfandade manterase ata o día primeiro do mes inmediatamente posterior ao de inicio do seguinte ao curso académico.
- C) Cando fixo os 21 anos.
- D) Cando faga os 26 anos.

85. Segundo o artigo 115 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se interpoñemos un recurso administrativo, deberemos expresar:

- A) Órgano, centro ou unidade administrativa ao que se dirixe e o seu correspondente código de identificación.
- B) O acto que se recorre, podéndose consignar a razón da súa impugnación.
- C) Lugar, data, sintura do recorrente así como un domicilio a efectos de notificacións.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

86. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se nos envían unha notificación a través de medios electrónicos, esta entenderase por rexeitada cando:

- A) Transcorresen dez días hábiles desde a posta a disposición da notificación sen que accedamos ao seu contido.
- B) Transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que accedamos ao seu contido.
- C) Transcorresen quince días hábiles desde a posta a disposición da notificación sen que accedamos ao seu contido.
- D) Transcorresen quince días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que accedamos ao seu contido.

87. Quen pode, de acordo co artigo 3 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, solicitar o acceso e, no seu caso, a rectificación ou supresión, dos datos persoais dun falecido?

- A) As persoas vinculadas ao falecido por razóns familiares ou de feito, así como os seus herdeiros.
- B) Unicamente as persoas vinculadas ao falecido por razóns familiares, así como os seus herdeiros.
- C) Unicamente os herdeiros do falecido.
- D) Unicamente as persoas vinculadas ao falecido por razóns familiares ou de feito.

88. Luís acaba de cumprir 18 anos e non quere que a súa nai manteña a autorización para acceder aos seus servizos telemáticos na plataforma É-Saúde, que debería facer?

- A) Luís ten que ir ao seu centro de saúde para pedir a súa revogación.
- B) Non ten que facer nada, a autorización caducou automaticamente cando cumpriu 18 anos.
- C) Ten que solicitar a anulación a través de É-Saúde.
- D) A autorización seguirá vixente ata que Luís cumpra 21 anos.

89. MGV acaba de ter un accidente non laboral, o que lle provoca estar nunha incapacidade temporal, segundo o artigo 173.1 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, como se abonará o subsidio?:

- A) O subsidio abonarase desde o día seguinte ao da baixa no traballo, estando a cargo do empresario o salario íntegro correspondente ao día da baixa.
- B) O subsidio abonarase a cargo da Seguridade Social desde o día da baixa no traballo.
- C) O subsidio abonarase a partir do cuarto día de baixa no traballo, aínda que desde o día cuarto ao décimo quinto de baixa, ambos inclusive, o subsidio estará a cargo do empresario.
- D) O subsidio abonarase desde o mesmo día da baixa no traballo, estando a cargo do empresario o salario íntegro correspondente ao día da baixa.

90. Qué significan as siglas "DA" impresas nunha tarxeta sanitaria galega?

- A) Que o paciente ten unhas necesidades especiais de atención e acompañamento.
- B) Que o paciente é desprazado doutra comunidade.
- C) Que se trata dun paciente con discapacidade auditiva.
- D) Que se trata dun paciente menor de 18 anos.

91. Nunha tarxeta sanitaria galega. Qué é o CIP?

- A) O número da historia clínica do doente.
- B) O código de identificación personal no Sistema de Información de Tarxeta Sanitaria.
- C) Un código que amosa a aportación farmacéutica que se debe pagar.
- D) Código da seguridade social.

92. Un familiar dun paciente acode á consulta do seu médico de familia, solicitando unha ambulancia para acudir a unhas citas para fisioterapia ao hospital. O paciente debe acudir en padiola, dado o seu estado físico. Segundo o artigo 4 do Decreto 52/2015, do 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario, cal sería a clase de ambulancia idónea para o seu traslado?

- A) A1.
- B) D.
- C) F.
- D) G.

93. A un Persoal de Servizos Xerais, indícaselle que debe trasladar a un paciente da planta 1 á planta 0 do centro de saúde. O paciente vai en cadeira de rodas e o centro de saúde dispón de ascensor. Como debe entrar no ascensor?

- A) Para entrar no ascensor, o persoal de servizos xerais entrará primeiro tirando da cadeira, de costas ao ascensor, para que entre en último lugar o paciente. Unha vez dentro, xirará a cadeira sempre que o espazo o permita.
- B) Camíñase detrás da cadeira e empúxase cara adiante.
- C) O persoal de servizos xerais debe colocarse ao lado dereito da cadeira e empuxala co brazo esquerdo.
- D) O persoal de servizos xerais entrará de fronte e o paciente de costas e para saír o paciente de fronte e o persoal de servizos xerais de costas.

94. Durante a fase de ordenación do procedemento, como norma xeral, que prazo nos darán para cumprir os trámites que deban realizar os interesados?

- A) Dez días a partir do seguinte ao da notificación do correspondente acto.
- B) Quince días a partir do seguinte ao da notificación do correspondente acto.
- C) Vinte días a partir do seguinte ao da notificación do correspondente acto.
- D) Un mes a partir do día seguinte ao da notificación do correspondente acto.

95. Se está no explorador de arquivos e quixese cambiar o nome a unha carpeta, como o faría?

- A) Premendo unha vez co botón dereito do rato enriba da carpeta e no menú que nos apareza, premer en cambiar nome.
- B) Premendo unha vez co botón esquerdo do rato enriba da carpeta e no menú que nos apareza, premer en cambiar nome.
- C) Premer unha vez co botón dereito do rato enriba da carpeta e introducir directamente o nome que queiramos.
- D) Non se poden cambiar os nomes ás carpetas, só aos arquivos.

96. JMP é PSX nun centro de saúde. Das funcións recollidas no artigo 3 do Decreto 160/1996, do 25 de abril, de configuración e introducción no Estatuto de persoal non sanitario de institucións sanitarias da Seguridade Social. Cal non se inclúe na área administrativa e de apoio á xestión?

- A) Materialización do programa de cita previa.
- B) Mecanización e transcripción dos informes administrativos e clínicos.
- C) Atención e apoio físico aos usuarios cando resulte preciso.
- D) Tramitación dos pedidos de material necesario para o servizo ou unidade.

97. RAV falece nun accidente de traballo, segundo o artigo 216.2 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, ademais do que se lle recoñece no punto 1 deste artigo, recoñéceselle algunha prestación máis?

- A) Non se lle recoñece nada máis.
- B) Unha indemnización a tanto alzado.
- C) O que o empresario considere.
- D) Unha pensión compensatoria.

98. Que é imprescindible para solicitar a Chave365?

- A) Dispoñer dun número de teléfono móbil.
- B) Dispoñer da tarxeta sanitaria do Servizo Galego de Saúde.
- C) Acudir persoalmente a algún dos órganos ou unidades administrativas que realizan as funcións de rexistro de usuarios de Chave365.
- D) Todas as opcións anteriores son correctas.

99. Se quixese enviar unha copia do correo electrónico a un conxunto de destinatarios e que o resto non soubesen a quen se enviou, en que campo tería que escribir os enderezos de correo?

- A) CC.
- B) Para.
- C) CCO.
- D) Ningunha das opcións anteriores é correcta.

100. Como se organiza a información dentro do explorador de arquivos?

- A) En arquivos.
- B) En cartafoles.
- C) En iconas.
- D) En ficheiros de datos.

101. A JMP, PSX dun centro sanitario, indícanlle a necesidade de realizar a avaliación obxectiva das mercadorías do almacén que ten por obxectivo a eliminación dos produtos obsoletos ou caducados. Esta operación denomínase:

- A) Xestión de stock.
- B) Expurgo.
- C) Inventario.
- D) Almacenaxe.

102. Se queremos transmitir que temos unha actitude positiva cara o noso interlocutor, deberemos:

- A) Manter os brazos cruzados.
- B) Non mirarlle aos ollos.
- C) Xeneralizar.
- D) Falar en primeira persoa.

103. No artigo 144.1 do Texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social indica que a obrigaón de cotizar nace co inicio da prestación do traballo. Que sucede co período de proba?

- A) O pactado entre o traballador e o empresario.
- B) Está incluído.
- C) Está excluído.
- D) O que indique o costume.

104. Quen pode solicitar a Chave365?

- A) Todas as persoas que dispoñan da tarxeta sanitaria do Servizo Galego de Saúde.
- B) Persoas maiores de idade ou menores emancipados legalmente.
- C) Persoas xurídicas con sede en Galicia.
- D) Ningunha das opcións anteriores é correcta.

105. A cal destas tarxetas está conectado o monitor do ordenador?

- A) Tarxeta de rede.
- B) Tarxeta de son.
- C) Tarxeta USB.
- D) Tarxeta gráfica.

106. Se estamos no escritorio e por erro borramos un arquivo importante o cal necesitamos recuperar, que fariamos?

- A) Non poderiamos recuperalo xa que se borra definitivamente.
- B) Teriamos que ir á papeleira de reciclaxe e unha vez alí poderiamos restauralo e volvería onde estaba antes.
- C) Teriamos que ir á papeleira de reciclaxe e unha vez alí poderiamos restauralo e iría a un cartafol de elementos recuperados.
- D) Teriamos que ir ao explorador de arquivos para poder recuperalo.

107. De acordo co artigo 12 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, un empresario, que está no réxime de autónomos, quere contratar ao seu fillo de 28 anos, co que non convive, recien graduado en Comercio, para a área administrativa. En que réxime se pode incluír a efectos da Seguridade Social?

- A) Réxime Xeral.
- B) Réxime especial dos artistas.
- C) Réxime especial para empregados do fogar.
- D) Réxime especial de traballadores do mar.

108. Dentro do proceso de comunicación, o emisor:

- A) É a persoa ou conxunto de persoas que enuncia a mensaxe.
- B) É o obxecto da comunicación.
- C) É o medio a través do cal se transmite a información.
- D) É o destinatario da mensaxe e quen debe interpretar o sentido deste.

109. Segundo o artigo 7 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o tratamento dos datos persoais de María, menor de idade, unicamente poderá fundarse no seu consentimento cando sexa:

- A) Maior de 12 anos.
- B) Maior de 14 anos.
- C) Maior de 16 anos.
- D) Precisar sempre o consentimento do titular da patria potestade ou tutela.

110. Qué información non contén a tarxeta sanitaria galega?

- A) O número de afiliación á Seguridade Social.
- B) O NASI.
- C) O CIP.
- D) O número de emisión.